

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO
IES ESPÍÑEIRA (BOIRO)
(2023-2027)

1. INTRODUCCIÓN

1.1. DESCRICIÓN DO CENTRO

1.2. ENQUISAS E ANÁLISE DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

2. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

4. MATERIAS QUE SE IMPARTEN EN GALEGO

5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA

SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

6. PROCEDEMENTOS PARA QUE O ALUMNADO ACADE A

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

7. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS PARA IMPARTIR O CURRÍCULO

INTEGRADO DAS LINGUAS

1. INTRODUCCIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o presente Proxecto Lingüístico parte da análise da realidade lingüística do contorno do IES Espiñeira de Boiro co obxecto de establecer:

- ✓ As linguas que se deben empregar nas diferentes materias impartidas no centro.
- ✓ As medidas de apoio e reforzo para profesorado e alumnado na procura dun correcto uso lingüístico escolar e educativo.
- ✓ As medidas de apoio adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas.

1.1 DESCRICIÓN DO CENTRO

O IES Espiñeira está situado nas inmediacións do centro da vila de Boiro, no lugar de Espiñeira. Trátase dun centro periurbano que acolle alumnado das diferentes parroquias da localidade e do propio centro urbano, ademais de alumnado (un número reducido) procedente dos concellos limítrofes de Rianxo, Pobra do Caramiñal e Ribeira. Máis da metade do alumnado de 1º de ESO procede da parroquia de Escarabote. Nos último anos tamén estamos a recibir alumnado de Abanoutras parraquias.

No IES Espiñeira impártense as ensinanzas de ESO, Bacharelato (Humanidades e Ciencias Sociais ademais do Tecnolóxico), Formación Profesional Básica (informática e comunicacións) Ciclos Formativos de Grao Medio (Xestión Administrativa e Instalacións de Telecomunicacións) e Superior (Administración e Finanzas), contando cada curso con preto de 300 alumnos.

Os departamentos das linguas vehiculares (galego e castelán) e mais o departamento de francés, constan dunha soa persoa que debe impartir docencia a todos os niveis do instituto. Nun caso semellante está o departamento de inglés, pois aínda que está constituído por dúas persoas, unha delas dedícase a impartir aulas en toda a ESO e

os dous cursos de bacharelato isto implica que o profesor se teña que adaptar, nun só día, a metodoloxías diferentes, a distintos graos de madurez en cada nivel educativo, á atención á diversidade, ...

Isto lévanos a subliñar a escaseza de recursos humanos para facer fronte á tarefa de acadar uns resultados altamente satisfactorios na comunicación lingüística.

Porén, os departamentos implicados na elaboración e posta en práctica deste Proxecto Lingüístico comprenden a necesidade de levar a cabo unhas liñas que lle permitan ao alumnado acadar unha maior competencia lingüística, aínda sendo conscientes das nosas propias limitacións.

1.2 ENQUISAS E ANÁLISE DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A finais do curso 2022/23 distribuíronse enquisas para o alumnado. Todas as enquisas foron cumprimentadas de xeito anónimo.

Os resultados sociolingüísticos dos nosos alumnos e alumnas foron os seguintes :

	GALEGO	CASTELÁN	OUTRAS
Lingua na que aprenderon a falar	55.8%	39.5%	4.7
Lingua que usan habitualmente na casa	74.4%	25.6%	
Lingua que usan habitualmente na escola	67.4%	32.6%	
Lingua que usan habitualmente no teu tempo de lecer	58.1%	41.9%	

Á vista dos resultados anteriores a lingua habitual no tempo de ocio escolar é predominantemente o galego.

Tamén foi analizada a situación da lingua en todos os aspectos da vida diaria que non teñen que ver coa actividade docente, neste caso a través da observación directa.

A presenza do galego é case plena en toda a documentación administrativa xerada no centro, así como a rotulación das diferentes dependencias, nas notas informativas dos

taboleiros, páxina web... Do mesmo xeito o galego é a lingua empregada nos diferentes documentos, notas e avisos que o centro dirixe ás familias dos/as alumnos/as ou a outras institucións,

En canto á organización de actividades extraescolares, na dotación de fondos en galego da Biblioteca (escritos, actividades, avisos...) a presenza do galego é moi ampla.

A análise de todos estes apartados permite concluír que o contorno sociolingüístico do IES Espiñeira é un contorno con predominio do galego.

2. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Igualmente, coñecedores da realidade sociolingüística en Galicia, consideramos que é o noso deber coidar, protexer e fomentar o uso do galego para a escola non sexa un espacio/tempo de perda de galegofalantes.

2.1. Obxectivos de Dinamización Lingüística:

- a) Potenciar a valoración positiva do uso do galego en todos os ámbitos da actividade educativa.
- b) Concienciar ao alumnado da importancia do uso da nosa lingua.
- c) Utilizar a Lingua Galega nas relacións internas do centro: reunións, actas, rotulacións do centro, revistas e publicacións.
- d) Fomentar a colaboración interdisciplinar para a realización de actividades que promovan o uso da lingua galega.
- e) Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- f) Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa, etc.

2.2. Obxectivos do contorno do centro:

- a) Potenciación do galego como lingua vehicular do centro.
- b) Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso xeralizado do galego, superando vellos prexuizos e inercias negativas.

- c) Potenciar actividades tendentes a reflectir a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore galegos.
- d) Tentar que o profesorado acade plena competencia para desenvolver a súa laboura docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- e) Achegar a lingua ás familias do alumnado coidando a forma e o contido.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. A laboura de recuperación das festas de carácter anual e tradicional (magosto, entroido, samaín,...) salientando a vertente dinamizadora.
2. Diseñar campañas de sensibilización ante o uso do galego diversificadas para os membros da comunidade educativa.
3. Dotar de material bibliográfico que axude a solventar calquera dúbida referente ao galego.
4. Fomentar a participación en campañas de animación á lectura programadas polo EDL e pola Biblioteca.
5. Dispor da normativa ortográfica actualizada.
6. Colaborar co EDL do centro nas actividades, facéndoas máis elaboradas e motivadoras.
7. Utilizar o material didáctico motivador axeitado ao nivel do alumnado.
8. Para traballar a memoria visual-auditiva-verbal, achegar o alumnado á música, ás tradicións galegas, literatura popular, xogos tradicionais, etc.
9. Habilitar na páxina web do centro espazos e ligazóns para acceder ás ferramentas de corrección ortográfica, tradutores e material didáctico en galego.
10. Explicar á comunidade educativa (profesores, persoal non docente, alumnos e familias) o PLC, buscando a súa implicación no seu desenvolvemento e aplicación.
11. Divulgar e participar, na medida do posible, nas iniciativas de calquera entidade ou órgano (concellos, centros de educación, compañías de teatro,...) a prol da lingua galega.

4. REPARTO DE MATERIAS GALEGO/CASTELÁN:

Tendo en conta o Decreto 79/2010 do 20 de maio, a continuación mostramos as materias

que se imparten en Galego sen contar as horas das diferentes Linguas:

1ºESO						
Materia	Galego		Castelán		Sen lingua establecida	
Bioloxía e Xeoloxía	3					
Xeografía e Historia	3					
Educación Física	2					
Lingua castelá e Literatura			3			
Lingua extranxeira-Inglés					3	
Lingua galega e Literatura	4					
Matemáticas			4			
2ºLingua Extranxeira- Francés					2	
Tecnoloxía e Dixitalización			3			
EPVA	3					
Relixión/Proxecto Competencial			1			
Titoría	1					
TOTAL	16/32	50%	11/32	35%	5/32	15%

2ºESO						
Materia	Galego		Castelán		Sen lingua establecida	
Física e Química			3			
Xeografía e Historia	3					
Educación Física	2					
Lingua castelá e Literatura			4			
Lingua extranxeira-Inglés					3	
Lingua galega e Literatura	3					
Matemáticas			4			
2ºLingua Extranxeira- Francés					2	
Tecnoloxía e Dixitalización			3			
Música	3					
Relixión/Proxecto Competencial	1					
Titoría	1					
TOTAL	13/32	41%	14/32	44%	5/32	15%

3ºESO (Con francés)						
Materia	Galego		Castelán		Sen lingua establecida	
Física e Química			2			
Xeografía e Historia	3					
Educación Física	2					
Lingua castelá e Literatura			3			
Bioloxía e Xeoloxía	2					
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1					
EPVA	2					
Lingua extranxeira-Inglés					3	
Lingua galega e Literatura	3					
Matemáticas			4			
2ºLingua Extranxeira- Francés					3	
Música	2					
Relixión/Proxecto Competencial			1			
Titoría	1					
TOTAL	16/32	50%	10/32	31%	6/32	19%

3ºESO (Sen Francés)				
Materia	Galego		Castelán	Sen lingua establecida
Física e Química			2	
Xeografía e Historia	3			
Educación Física	2			
Lingua castelá e Literatura			3	
Bioloxía e Xeoloxía	2			
Educación en Valores Cívicos e Éticos	1			
EPVA	2			
Lingua extranxeira-Inglés				3
Lingua galega e Literatura	3			
Matemáticas			4	

Optativa: Cultura financeira/Oratoria/Educación Dixital		3				
Música	2					
Relixión/Proxecto Competencial		1				
Titoría	1					
TOTAL	16/32	50%	13/32	41%	3/32	9%

4ºESO						
Materia	Galego		Castelán		Sen lingua establecida	
Educación Física	2					
Xeografía e Historia	3					
MatemáticasA/B			4			
Lingua castelá e Literatura			3			
Relixión/Proxecto Competencial			1			
Lingua galega e Literatura	3					
Lingua estranxeira-Inglés					3	
Titoría	1					
TOTAL	9/20	45%	8/20	40%	3/20	15%
Bioloxía e Xeoloxía	3					
Dixitalización			3			
2ºLingua Extranxeira- Francés					3	
Música			3			
Latín			3			
Economía e Emprendemento	3					
Física e Química			3			
Formación e Orientación Persoal e Profesional	3					
Tecnoloxía			3			
Expresión Artística	3					
Cultura Clásica			3			
Oratoria	3					
Filosofía	3					
TOTAL	18/39	46%	18/39	46%	3/39	8%

1ºBACH						
Materia	Galego		Castelán		Sen lingua establecida	
Educación Física	3					
Filosofía			3			
Lingua castelá e Literatura I			3			
Lingua galega e Literatura I	3					
Lingua extranxeira-Inglés					3	
TOTAL Comúns	6/15	40%	6/15	40%	3/15	20%
Matemáticas I			4			
Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	4					
Deduxo Técnico I	4					
Física e Química			4			
Tecnoloxía e Enxeñaría I	4					
TOTAL de modalidade Ciencias e Tecnoloxía	12/20	60%	8/20	40%		
Latín I			4			
Economía	4					
Grego I			4			
Literatura Universal	4					
Matemáticas Aplicadas ás CCSS I			4			
TOTAL de modalidade Hun;manidades e CCSS	8/20	40%	12/20	60%		
Anatomía Aplicada			4			
Antropoloxía	4					
Cultura Científica			4			
Literatura Galega do SXX e da Actualidade	4					
Segunda Lingua Extranxeira- Francés					4	
Tecnoloxías da Información e da Comunicación	4					
TOTAL Optativas	12/24	50%	8/24	33.3%	4/20	16.6%

2ºBACH						
Materia	Galego		Castelán		Sen lingua establecida	
Historia de España	3					
Historia da Filosofía			3			
Lingua castelá e Literatura II			3			
Lingua galega e Literatura II	3					
Lingua extranxeira-Inglés II					3	
TOTAL Comúns	6/15	40%	6/15	40%	3/15	20%
Matemáticas II			4			
Bioloxía,	4					
Deduxo Técnico II	4					
Química			4			
Física			4			
Xeoloxía e Ciencias Ambientais	4					
Tecnoloxía e Enxeñaría II	4					
TOTAL de modalidade Ciencias e Tecnoloxía	16/28	57%	12/28	43%		
Latín II			4			
Grego II			4			
Historia da Arte	4					
Matemáticas Aplicadas ás CCSS II			4			
Xeografía	4					
Empresa e Deseño de Modelos De Negocios	4					
TOTAL de modalidade Humanidades e CCSS	12/24	50%	12/24	50%		
Métodos Estatísticos e Numéricos			4			
Psicoloxía			4			
Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia	4					
Segunda Lingua Extranxeira II-Francés					4	
Tecnoloxías da Información e da Comunicación II	4					
TOTAL Optativas	12/24	50%	8/24	33.3%	4/20	16.6%

CICLO SUPERIOR ADMON E FINANZAS

MÓDULOS en Galego	1º	2º
Formación e orientación laboral	4	
Ofimática e proceso da información	9	
Proceso Integral da actividade comercial	5	
Xestión de recursos humanos		6
Xestión Financeira		7
Xestión loxística e comercial		6
TOTAL HORAS GALEGO	18	19

CICLO MEDIO XESTIÓN ADMON

MÓDULOS en Galego	1º	2º
Formación e orientación laboral	4	
Tratamento informático da información	10	
TOTAL HORAS GALEGO	14	

CICLO MEDIO INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS

MÓDULOS en Galego	1º	2º
Electrónica aplicada	10	
Formación e orientación laboral	4	
Instalacións eléctricas básicas	7	
Infraestructuras de redes de datos e sistemas de telefonía		10
Instalacións domóticas		7
Empresa e iniciática emprendedora		3
TOTAL HORAS GALEGO	21	20

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

MÓDULOS en Galego	1º	2º
Ciencias aplicadas	6	6
Montaxe e mantemento de sistemas e	10	
Instalacións e mantemento de redes para		9
TOTAL HORAS GALEGO	16	15

**5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O/A ALUMNO/A QUE NON TEÑA
SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

Trátase de acadar por parte do alumnado das diferentes etapas, unha boa competencia nas dúas linguas, galego e castelán. Este é o resultado que se espera nun programa de bilingüismo activo que lle permita ao alumnado empregar con fluidez e competencia calquera das dúas linguas na vida social.

- Fomentar actitudes positivas cara ao galego entre o alumnado co obxectivo de evitar que abandonen o seu uso oral no rexistro coloquial cando saen do seu entorno próximo e que afiancen o seu uso culto tanto oral como escrito.
- Fomentar o recoñecemento entre o alumnado do súa propia variedade dialectal como unha forma completamente válida do galego; para evitar que abandonen o seu uso fóra do seu entorno inmediato.
- Procurar que o alumnado manteña a fonética galega xa que nos modelos de emprego culto do galego (políticos, actores de televisión, profesores, etc.) predomina o uso da fonética castelá.
- Valorar o uso correcto da lingua galega na súa expresión oral e escrita (traballos, actividades, traducións...) naquelas áreas en que o profesor ou profesora imparta a súa materia no idioma galego.

6. PROCEDEMENTOS PARA QUE O ALUMNADO ACADE A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA.

- a. Comprensión oral e escrita.
 - i. Comprensión escrita: Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento do hábito de lectura entre os/as alumnos/as. Para iso procurarán deseñar actividades que impliquen a lectura de textos propios da materia fóra do horario escolar e vinculadas a estándares de aprendizaxe do currículo.
 - ii. Comprensión oral: Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento da capacidade dos/as alumnos/as para oír e comprender producións orais vinculadas ás súas materias. Para iso procurarán deseñar actividades que impliquen a audición de contidos propios da materia e vinculadas a estándares de aprendizaxe do currículo.
- b. Expresión oral e escrita:
 - i. Expresión oral: Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento da capacidade dos/as alumnos/as para se expresaren oralmente na lingua na vehicular na que se imparta a materia ou na lingua estranxeira que corresponda. Para iso procurarán deseñar actividades referentes aos contidos propios da materia e vinculadas a estándares de aprendizaxe concretos nas que a expresión oral e a capacidade comunicativa sexan parte fundamental da propia actividade.
 - ii. Expresión escrita: Todas as materias, na medida do posible, favorecerán o desenvolvemento da capacidade dos/as alumnos/as para se expresaren por escrito na lingua vehicular na que se imparta a materia ou na lingua estranxeira que corresponda. Para iso procurarán deseñar actividades referentes aos contidos propios da materia e vinculadas a estándares de aprendizaxe concretos nas que a expresión escrita e a capacidade comunicativa sexan parte fundamental da propia actividade.

7. CONCRECIÓN DAS MEDIDAS PARA IMPARTIR O CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

a. Criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas.

i. **Linguas estranxeiras** No ensino das linguas estranxeiras usaranse metodoloxías que busquen sobre todo ampliar a capacidade comunicativa dos/as alumnos/as tanto no uso da lingua oral como no da lingua escrita. Para acadar este obxectivo as programacións das linguas estranxeiras tratarán de favorecer:

-o uso de materiais auténticos (programas de televisión, radio, textos escritos de diversa natureza e procedencia), isto é, produtos reais de falantes nativos ou con alta competencia comunicativa nas respectivas linguas estranxeiras.

-poñer énfase no uso da lingua máis ca en falar da lingua (isto é, un enfoque menos gramatical e máis activo da aprendizaxe da lingua)

-o uso das novas tecnoloxías tanto para incrementar a comprensión auditiva e escrita das linguas, como para a súa práctica en situacións comunicativas reais.

ii. Linguas vehiculares

1. O profesorado debe procurar a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe do alumnado noutras áreas.
2. Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos das materias implicadas neste proxecto: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.
3. Nalgúns aspectos, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais

e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

4. Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.
5. Na área de comunicación lingüística é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos/as.

iii. Terminoloxía que se vai empregar.

Unha parte do alumnado que temos no segundo ciclo da ESO e mais en Bacharelato procede de distintos institutos da zona (Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo) o cal indica que estamos acostumados a empregar diferente terminoloxía, ben adaptándoa ou ben suxerindo unha equivalencia que o alumnado coñeza.

iv. Tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

1. Nas linguas vehiculares chegouse ao acordo de ponderar do mesmo xeito os distintos bloques

marcados no currículo.

2. Nas linguas estranxeiras debido á diferenza de carga lectiva e de currículo non é posible un acordo semellante e polo tanto cada unha delas remite á súa propia programación.

Para que así conste.

Asina, a directora do IES Espiñeira de Boiro.

María Ana Domínguez Pérez

Boiro, a 30 de xuño de 2023.

